

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións definitivas de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 11 de xaneiro, da Dirección Xeral de Xustiza

O 11 de xaneiro de 2024 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, o 26 de xaneiro de 2024 publicouse resolución pola que se establecían as adxudicacións provisionais.

Transcorrido o prazo de 3 días hábiles establecido no artigo 11.2 e de conformidade co disposto no artigo 12 da Resolución do 21 de marzo de 2022,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións definitivas obtidas por cada participante da convocatoria.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións definitivas dos postos.

Terceiro.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e máis na web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

O director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXO I**PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS AO POSTO DE XEFE/A DE
SERVIZO DE ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE**

NOME E APELIDOS	MÉRITOS XERAIS	MÉRITOS ESPECÍFICOS	PUNT. TOTAL
Olaya Martínez López	24,05	8,80	32,85

**PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS AO POSTO DE XEFE/A DE
SECCIÓN ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE**

NOME E APELIDOS	MÉRITOS XERAIS	MÉRITOS ESPECÍFICOS	PUNT. TOTAL
Juan Antonio González Fontán	44,33	29,20	73,53



ANEXO II

LISTAXE DEFINITIVA DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS
DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

Posto:	Xefe/a de servizo de Área de Clínica Médico-Forense
Centro de destino:	Instituto de Medicina Legal de Galicia. Subdirección Territorial de Santiago de Compostela
Código do posto:	XG9251820015770310.03
Adxudicatario/a:	Olaya Martínez López
Data inicio da comisión:	12/02/2024

LISTAXE DEFINITIVA DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS
DO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

Posto:	Xefe/a de sección Área de Clínica Médico-Forense
Centro de destino:	Instituto de Medicina Legal de Galicia. Subdirección Territorial de Pontevedra
Código do posto:	XG9251820036001308.04
Adxudicatario/a:	Juan Antonio González Fontán
Data inicio da comisión:	12/02/2024

